

POR QUE? PORQUE...

Cando facemos unha pregunta, escribimos

Por que?

Cando respondemos, escribimos

porque.

Lembra que en galego o signo de interrogación

só se pon ao final.

Por que sentas?

Porque estou canso.



Completa as preguntas e as respostas. Lembra a **maiúscula**
ao principio.

_____ coxeas do pé esquerdo?

_____ caín e manqueime.

_____ te deitas tan cedo?

_____ mañá terei que erguerme ás oito e cuarto.

_____ tedes tanta présa?

_____ vai pasar o autobús dentro duns minutos.

_____ hai fume naquel monte?

_____ houbo un incendio pola mañá.

_____ chegas tan tarde?

_____ perdín o tren das doce.

_____ non telefonaches?

_____ non tiña o voso número de teléfono.